

## O SÉCULO XVIII: A ILUSTRACIÓN

1. Antigo Réxime e Ilustración.
2. Os cambios políticos no s. XVIII.
3. Os cambios económicos no s. XVIII.
4. Sociedade e a vida cotiá.
5. O s.XVIII en España.
6. O Despotismo Ilustrado en España.
7. **Glosario:** Antigo Réxime, Ilustración, Sociedade estamental, Mercantilismo, Liberalismo económico, Despotismo Ilustrado, Decretos de Nova Planta.

### 1. ANTIGO REXIME E ILUSTRACIÓN.

#### 1.1. Características do Antigo Réxime:

- O Antigo Réxime era o sistema político, social e económico vixente na Europa do século XVIII. Caracterízase por:
  - O **sistema político absolutista** é maioritario en case todos os países europeos.
  - Predominio dunha **economía agraria pouco produtiva**. A meirande parte da sociedade vive da terra, mais é unha agricultura de subsistencia.
  - Unha sociedade desigual: persiste a **sociedade estamental**, dominada polos grupos privilexiados (nobreza e clero).
  - Alto grao de **influencia da relixión** sobre as persoas, a cultura, a educación e o arte.

#### 1.2. Principais ideas da Ilustración:

- A Ilustración foi unha corrente intelectual do século XVIII que cuestionou os principios do Antigo Réxime. As súas bases ideolóxicas eran as seguintes:
  - Confianza na **razón** ou a **intelixencia humana** para alcanzar o **progreso** e a **felicidade** da sociedade.
  - O **coñecemento** é a base da **felicidade** → importancia da **educación**.
  - Para os ilustrados, había que **superar as crenzas tradicionais**, a ignorancia e a superstición, xa que eran un obstáculo para o progreso.
  - **Antropocentrismo**. Considerábase que as persoas tiñan uns **dereitos naturais**, como a liberdade individual, que o Estado non podía suprimir.
  - **Crítica ao Antigo Réxime**, xa que é un obstáculo para alcanzar o progreso e a felicidade humana.


### 1.3. A difusión do pensamento ilustrado:

- As ideas ilustradas difundíronse por Europa e América, fundamentalmente grazas á **Enciclopedia**, publicada en Francia e dirixida por Diderot e D'Alembert. Tamén foron medios de transmisión da ideoloxía ilustrada os **salóns**, as **academias** e a **prensa**.
- Os principais pensadores ilustrados foron **Montesquieu**, **Voltaire** e **Rousseau**.

## 2. OS CAMBIOS POLÍTICOS DO S.XVIII.

### 2.1. As críticas á monarquía absoluta

- O absolutismo era o sistema político vixente na maior parte de Europa no século XVIII. O rei concentraba os poderes lexislativo, executivo e xudicial: elaboraba e promulgaba as leis, gobernaba e nomeaba os xuíces. Todo isto viña xustificado polo **dereito divino do poder**: os reis considerábanse os representantes de Deus na Terra e pensaban que o seu poder era de orixe divina, polo que estaban por enriba da lei.
- Para exercer este poder absoluto, o monarca contaba con numerosos funcionarios (**administración centralizada**) e un poderoso **exército**.



- Fronte ao réxime político do Antigo Réxime (a monarquía absoluta), xorden **novas ideas**:



### ROUSSEAU

Defensor da liberdade e da igualdade das persoas. Cría que a soberanía reside no conxunto do pobo e este, en beneficio da comunidade, chega a un acordo para permitir a un poder superior que governe no seu nome.



### MONTESQUIEU

Defensor da separación de poderes do Estado: o poder legislativo debe ser exercido por un Parlamento, o poder executivo polo rei, e o xudicial por xuíces independentes.




### VOLTAIRE

Partidario dunha monarquía forte en que se respectasen as liberdades civís. Foi firme defensor da liberdade de expresión e rexeitou a intolerancia.

## 2.2. O despotismo ilustrado

- No século XVIII varios monarcas, como Xosé II de Austria, Catarina II de Rusia, Federico II de Prusia e Carlos III de España, aplicaron algunhas ideas ilustradas.
- Este novo sistema político coñécese como **despotismo** ou **absolutismo ilustrado**
- O despotismo ilustrado **non alterou as bases do Antigo Réxime**, xa que as reformas non limitaron o poder absoluto dos monarcas nin eliminaron os privilexios estamentais.





### 3. OS CAMBIOS ECONÓMICOS NO S.XVIII.


#### 3.1. A economía no Antigo Réxime:

- Ata mediados do século XVIII a teoría económica dominante en Europa era o **Mercantilismo**.



#### 3.2. As novas políticas económicas:

- Cos **Ilustrados** chegan novas teorías económicas que **defenden unha maior liberdade**.
- Destacan o **Fisiocratismo** de **Quesney**, que defende que a riqueza dun país reside na agricultura e o **Liberalismo económico** de **Adam Smith**.



#### 3.3. As transformacións agrarias:

- No **Antigo Réxime** a agricultura caracterízase polo seu **atraso**:
  - É a principal actividade económica (sobre todo a produción de cereais).
  - Técnicas agrícolas rudimentarias: **rotación bienal/trienal** que teñen un **baixo rendemento**.

- Propiedade da terra: a maioría das terras eran **señoríos** en mans da nobreza e do clero que exercían **dereitos señoriais** sobre os campesiños e lles impoñían fortes **impostos**.
- No **século XVIII** hai un gran **progreso** na agricultura:
  - Difúndense **novos cultivos** procedentes de América.
  - Implántanse melloras técnicas de cultivo como a **rotación continua** que permite un **aumento dos rendementos**.
  - A propiedade da terra mantense como no Antigo Réxime coa existencia de grandes **señoríos**.



### 3.4. Os cambios na artesanía:

- No **Antigo Réxime**:
  - A produción artesanal era escasa.
  - Principais sectores artesanais: téxtil e metal.
  - Organización do traballo a través dos gremios, que controlaban a produción dos talleres urbanos.
- No **século XVIII**:
  - O **aumento demográfico** levou consigo un **aumento da demanda** de produtos artesanais → **a produción aumenta**.
  - Organización do traballo: esténdense novas formas de produción como o **Domestic System** e as **manufacturas**.

## 4. A SOCIEDADE E A VIDA COTIÁ.

### 4.1. A sociedade no Antigo Réxime:

- Pervive a **sociedade estamental** dividida en **estamentos** (nobreza, clero e terceiro estado), dividida en **privilexiados** e **non privilexiados** aos que se pertence por **nacemento**. Unha sociedade, polo tanto, **inmobilista**.

### 4.2. Os cambios sociais do s.XVIII:

- Os **ilustrados** criticaron aos **privilexiados** e defenderon unha **división social baseada no mérito, a valía persoal e a utilidade social**, non no nacemento → criticaron, por tanto, á nobreza e ó clero.
- A **burguesía** convértese no **grupo máis numeroso e activo**:

- Producen riqueza e **carecen de recoñecemento social e de influencia na vida política** → reclaman un papel máis acorde aos seus méritos.
- **Especial importancia en Francia** → Revolución Francesa (1789).

## 5. O S.XVIII EN ESPAÑA.

### 5.1. A cuestión sucesoria de Carlos II

- O problema máis grave que se viviu no s.XVIII en España foi durante o **reinado de Carlos II** pola **cuestión sucesoria**.
- O rei **non tivo fillos**, polo que nos anos finais do seu reinado había xa **dous candidatos** dispostos a sucedelo:



O francés Felipe de Anjou (neto de Luís XIV)



O arquiduque Carlos de Habsburgo

- Ambos desexaban facerse co inmenso Imperio español, que incluía extensas posesións en varios continentes.
- **Carlos II morreu en 1700** e no seu testamento nomeou como herdeiro ao trono a Felipe de Anjou, neto de Luís XIV de Francia, mais este feito desencadeará a **Guerra de Sucesión** (1701-1713).
- **Por que estalou o conflito?** A meirande parte das potencias europeas tiñan **medo a unha ruptura do equilibrio no continente** en favor de Francia (principal potencia militar). Ademais, **os Habsburgo rexeitaron** que a coroa de España pasase aos Borbóns.
- Deste modo, formouse unha **gran coalición antiborbónica en apoio do arquiduque Carlos de Habsburgo** e deu comezo a guerra.

### 5.2. A guerra de Sucesión (1700-1714):

- A contenda tivo un **dobre carácter**:
  - Por un lado foi un **conflito internacional** que enfrontou a **Francia e España** (en apoio de Felipe de Anjou) contra **Alemaña, Gran Bretaña**, as **Provincias Unidas e Portugal** (en apoio de Carlos de Habsburgo).
  - Foi tamén unha **guerra civil** dentro do territorio español, xa que os territorios da **Coroa de Aragón** decidiron apoiar ao arquiduque Carlos de Habsburgo por **medo a que os Borbóns impuxeran unha monarquía centralizadora e anulasen os seus privilexios**.



- **A fin do conflito:**

- Coa **morte do emperador austríaco en 1711** o arquiduque Carlos convertíase no herdeiro do Imperio → xa non valía a xustificación da ruptura do equilibrio europeo contra os Borbóns.
- A paz asinouse finalmente no **Tratados de Utrech (1713-1714)** polo que:



- **Felipe V** foi recoñecido como **rei de España** pero tivo que renunciar expresamente á Coroa de Francia.
- **Carlos de Habsburgo** queda con territorios como Flandes, Nápoles, Milán e Sardegna (perdendo a coroa española os territorios europeos que lle quedaban).
- **Gran Bretaña** recibe Xibraltar e Menorca, ademais de vantaxes comerciais coas colonias americanas de España e o asento de negros.
- **Felipe V** tamén se comprometía a non tomar represalias contra a Coroa de Aragón.

### 5.3. Os primeiros Borbóns en España

- Felipe V e Fernando VI consolidaron a **monarquía absoluta**, que evolucionará cara o **despotismo ilustrado**: o resultado é a concentración de todo o poder no rei que apartará á nobreza e se apoiará nos ministros ou secretarios que lle axudarán a levar a cabo as reformas.
- **Impuxeron unha centralización político-administrativa** a través de:
  - **Decretos de Nova Planta** (1707, 1715, 1716) polos que se suprimen os privilexios de Aragón, Valencia, Cataluña e Mallorca, implantando o modelo castelán en todo o reino.
  - **Nova división provincial**.

## 6. O DESPOTISMO ILUSTRADO EN ESPAÑA.

### 6.1. Carlos III, un déspota ilustrado:

- **Carlos III** foi o **máximo expoñente do despotismo ilustrado** en España.
- Ao inicio do seu reinado, o monarca nomeou **ministros italianos**, como **Esquilache**, que aplicaron **reformas que ían en contra dos intereses dos grupos privilexiados**, o que provocou revoltas como o **motín de Esquilache**, un levantamento popular contra

este ministro, que tivo como detonante un bando sobre a modificación da indumentaria española tradicional.

- Tras o motín, **Esquilache foi deposto** e Carlos III rodeouse de **ministros españois**, como **Floridablanca** ou **Jovellanos**, que aplicaron novas medidas para modernizar o país.

## 6.2. Reformas de Carlos III:

- **Limitouse a capacidade de actuación da Inquisición** e someteu a Igrexa ao poder real.
- **Potenciouse o desenvolvemento económico:**
  - Decretouse o **libre comercio con América** desde a maioría dos portos españois.
  - Introducíronse **innovacións agrarias e gandeiras**.
  - Creáronse **reais fábricas**, como a de porcelana do Buen Retiro.
- **Fomentouse a educación** e ampliouse a ensinanza primaria coa construción de novas escolas.
- Malia todo, **cando Carlos IV accedeu ao trono en 1788 freáronse as reformas e intensificouse a censura** para que as ideas revolucionarias da Revolución francesa non penetrasen en España.